

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA), a iniciativa do seu deputado **Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O modelo de infraestruturas e mobilidade desenvolto en Galiza nos últimos 30 anos baséase case única e exclusivamente no desenvolvemento do transporte individual por estrada e no campo do ferrocarril, na priorización do tren de alta velocidade.

Un dos retos que debe afrontar o país no futuro é o da sostenibilidade, da loita contra o cambio climático e da redución da dependencia enerxética.

Para elo todos os expertos coinciden en que serán fundamentais a aplicación da racionalidade no deseño das políticas, reducindo a mobilidade e fomentando o transporte colectivo, e preferentemente o tren.

Galiza conta cun importante déficit nestas políticas e non conta con conexións ferroviarias competitivas nas áreas de maior concentración de poboación, por exemplo, así como sería preciso afrontar o artellamento do país a través da interconexión entre as principais cidades e vilas.

En moitos casos alegouse a falta de demanda para reducir e suprimir servizos, e asináronse convenios coa Xunta para subvencionar liñas deficitarias cando estas o son porque a súa oferta non é competitiva nin en horarios nin en calidade. Resulta doado desmontar a falacia de falta de usuarios atendendo á oferta paralela de autobús. Na liña Ferrol-A Coruña RENFE oferta 6 viaxes en cada dirección, co primeiro ás 7:02 e o último as 20:20 mentres que en autobús é posíbel escoller 15 saídas directas por autoestrada e 16 por estrada xeral con paradas intermedias, entre as 6.30 e as 22:30. Asumindo que as empresas de autobús tamén atenden á rendibilidade, dedúcese claramente a existencia de demanda de traslados.

Moitas conurbacións do Estado español cunha dimensión menor, como poden ser espazo

guipuscoano (sobre 550.000 habitantes) e claramente superior aos espazos murciano (450.000) e cántabro (300.000 habitantes), contan cun servizo de tren de cercanías, mentres Pontevedra-Vigo e A Coruña-Ferrol, cunha poboación de arredor de 600.000 habitantes cada unha, non.

Tanto a Xunta de Galicia como o Ministerio de Fomento anunciaron xa dende o ano 2011 o compromiso da creación da Xerencia de cercanías en Galiza como paso previo ao desenvolvemento dos proxectos de implantación deste servizo no noso país.

Aínda que existen anuncios da realización de estudos de viabilidade da implantación deste servizo, seguimos sen albiscar un futuro inmediato de aposta polo tren como ferramenta de mobilidade sostible entre as nosas cidades, posto que non hai proxectos reais e a curto prazo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a que solicite ao Goberno español:

- 1) A inmediata elaboración dun proxecto para a implantación do servizo ferroviario de cercanías en Galiza, cando menos nas liñas Pontevedra-Vigo e A Coruña-Ferrol.
- 2) A transferencia das competencias para os servizos de cercanías, e financiación suficiente para o seu desenvolvemento e mantemento futuro.

Santiago de Compostela, 2 de marzo de 2015.

Asdo.: Antón Sánchez García
Portavoz S. do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Anton Sánchez García na data 02/03/2015 18:04:02